

VI. ANUNCIOS

Número do Dog: 59

Páxina do Dog: 4.746

Data da Disposición:
Sección: VI. ANUNCIOS. DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Organismo: CONCELLO DA CORUÑA

Rango: Anuncio

Título: Anuncio (EDD-5/2006).

Anuncio (EDD-5/2006).

O Pleno do Concello, na sesión realizada o 15 de xaneiro de 2007. adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Desestimar a alegación formulada por Jesús Prado García (registro de entrada nº 7.760, do 16 de outubro de 2006).

Segundo.-Aprobar definitivamente o estudo de detalle do polígono H11.05 Eirís de Arriba II, promovido por Robustiano Fernández Fernández na súa condición de secretario da Xunta de Compensación do polígono, conforme a documentación presentada o día 13 de decembro de 2006 (memoria e nove planos).

Terceiro.-Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2º e 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, co obxecto de procurar a entrada en vigor do estudo de detalle.

Cuarto.-Ordenar a dilixencia do estudo de detalle, texto refundido, presentado o 13 de decembro de 2006.

Quinto.-Notificarlles este acordo a Robustiano Fernández Fernández e ao resto de interesados no expediente administrativo.

Este acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpor contra el recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se practique a súa notificación ou a súa publicación no Diario Oficial de Galicia ou no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se considere pertinente.

A documentación exixida polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para efectos da entrada en vigor do estudo de detalle, o día 6 de marzo de 2007.

Os gastos desta publicación aboaranse polo promotor do estudo de detalle.

A Coruña, 7 de marzo de 2007.
Alfredo Cerezales Fernández

147

Director da Área de Urbanismo e Rehabilitación

© Xunta de Galicia

Información mantida pola Xunta de Galicia

Servizo prestado pola Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza

Correo electrónico: **webdoga @xunta.es**